




CASTRO DE MARCE E AUGA CAÍDA

Adela Leiro, Mon Daporta
febreiro 2017



Distancia: 5 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 2 horas



Propoñemos unha visita de interese paisaxístico, natural e cultural no curto espazo no que podemos gozarr do canón do Miño, unha ferverza e un castro.

A **ferverza de Augacaída**, un fermoso salto, limpo, vertical, duns 40 m de altura, polo que o rego de Marce, ou da Aguianza, cae nunha poza antes de seguir baixando, case con présa, saltando e sorteando pedras nas que forma outras ferverzas máis pequenas, antes de contribuír a engordar, co seu modesto caudal, as augas do Miño encorado na presa dos Peares.

O **castro de Marce**, un outeiro no que se atopan os restos de un primitivo asentamento desde o que se dominan fermosas panorámicas da contorna, xa que ten á vista, á esquerda, a ferverza e o estreito canón de paredes verticais nas que só aquí e alá se agarran algunhas árbores e matogueiras, logo o encoro do Miño e da outra beira da auga, á esquerda a igrexa, trasladada e reedificada máis arriba de onde a auga encorada poidera chegar, de santo Estevo de Chouzán; os socalcos no pouco espazo cultivado que se conserva arredor, e as plantacións de piñeiros que cobren o resto do espazo a non ser naqueles lugares de acceso imposible nos que medran sobreiras, érbedos, xestas e outras especies resistentes, e cara á dereita outra parte do encoro, os socalcos nos que se asentan as viñas da Lagariza e un fermoso sobreiral.



Ferverza de Augacaída


Augacaída vista desde o Castro de Marce.

COMO CHEGAR

Desde Ferreira pola estrada de Ourense a Monforte en dirección a Ourense saímos no cruce de Guítara e cruzando por enriba dela para continuar pola estrada vella en sentido Ourense, atopamos ao pouco o desvío, á dereita, a Marce, e o indicador da fervenza; en 4 km chegamos o punto de inicio da ruta (un pouco antes de chegar, ao pé mesmo do panel do inicio da camiñada, e tamén un pouco despois de pasalo, hai pequenos espazos de aparcamento). A distancia á fervenza según nos din no mesmo panel é de 1.400 m por un camiño en boas condicións con tramos en bastante pendente sobre todo nos últimos 200 m, aínda que o que ata hai pouco tempo era un descenso apto para moi poucos, incluída a baixada coa axuda de cordas, agora, coa instalación de escaleiras, pódese considerar un paseo apto para todo tipo de persoas. Para achegarse ao castro hai que facer un desvío, sinalizado, de 650 m (1.300 m ida e volta) por un camiño que se fai carreiro sen apenas desnivel, a non ser no mesmo



Canón do Miño do Miño desde o Castro de Marce



Fervenza de Augacaída na primavera



O Castro desde Chouzán (Carballedo)



Panorámica desde o Penedo do Garabullo ata o sobreiral de Marce